



A Coruña, 23 de outubro de 2012

Estimado Director / Directora:

Desde a Delegación do Goberno en Galicia, como responsables da coordinación do “Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade Escolar”, poñémonos en contacto con vostede co obxecto de informalo da súa posta en funcionamento neste curso 2012-2013 no que remata a III Fase do mesmo.

Esta iniciativa comezou a súa andaina no curso 2007-2008 e, desde entón, a receptividade por parte das comunidades educativas non deixou de medrar.

O obxectivo desta liña de actuación está centrado en promover accións, no ámbito escolar, que favorezan a seguridade persoal e cidadá dos alumnos, mellorar o coñecemento dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e erradicar as condutas violentas que se poidan producir no ambiente escolar.

Pretendemos desenvolver actividades relacionadas:

- Co acoso escolar e as súas consecuencias
- Coa prevención do consumo e o tráfico de drogas
- Con comportamentos racistas e xenófobos
- Coas bandas xuvenís, condutas incívicas
- Co maltrato no ámbito familiar e a violencia contra a muller
- Cos riscos na Internet
- Cos abusos e agresións sexuais
- E outros como a prevención de incendios e a seguridade vial

Expertos das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado xunto coas Unidades de Coordinación contra a Violencia sobre a Muller da Delegación e das Subdelegacións do Goberno das catro provincias galegas, en colaboración cos servizos de inspección educativa, dependentes das Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, serán os responsables da execución deste Plan.

Esperamos que estas actuacións teñan unha boa acollida por parte de todos os membros da comunidade educativa do centro que vostede dirixe.

Para facilitarlle a súa participación, indícolle que pode descargar toda a documentación sobre esta actividade no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e O.U. da Xunta de Galicia

Atentamente,